



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

Resolución do 31 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de traslados de funcionarios con habilitación de carácter nacional, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.

Por Resolución do 24 de outubro de 2018, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, convocouse o concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE nº 270, do 8 de novembro).

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3º do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten coa solicitude de participación no concurso estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatória.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.

Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta Dirección Xeral de Administración Local,

DISPÓN

Primeiro.- Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional:

Titulares:

- Purificación Galán Boutoureira
- Concepción Armas Quintá
- Concepción Díaz Candán

Suplentes:

- Xosé Gregorio Ferreiro Fente
- Armando Requeixo Cuba
- Isabel Gil Gil

Segundo.- Convocar aos concursantes que non acreditaron xunto coa solicitude de participación no concurso unitario de traslados convocado por Resolución do 24 de outubro de 2018 estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatória de galego.

A relación de concursantes que deberá realizar a devandita proba exporase no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local e na páxina web (<http://www.eidolocal.es>).

Terceiro.- A proba terá lugar o vindeiro día 8 de febreiro de 2019, ás 10:00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid nº 2-4, Santiago de Compostela.

 **Xacobeo 2021**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

A directora xeral de Administración Local
(*Documento asinado electronicamente*)

Marta Fernández-Tapias Núñez



Xacobeo 2021

